

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/54-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE CARRIL
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>) e berberecho (<i>C.edule</i>)
Ambito do plan	Lombos do Ulla e praia Compostela-A Concha
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/personas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
60 +6	-	-
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Si, (ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
9	-	-

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción	170										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾	de xaneiro a decembro, rotando zonas.										
Modalidade⁽³⁾: a pé											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Topes de captura		
Especies	Praias da Concha e Compostela (mariscadora/día)	Lombos do Ulla (mariscadora/día)
Ameixa fina	2 kg	3 kg
Ameixa babosa	5 kg	1 kg
Ameixa xaponesa	10 kg	7 kg
Berberecho	10 kg	30 kg

Artes a empregar	Sacho e rastrillo ou angazo.
-------------------------	------------------------------

Puntos de control	Zona de produción e lonxa de Carril
Puntos de venda	Lonxa de Carril

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X									
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Lombos do Ulla e praia de Compostela- A Concha												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa e berberecho												

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras			X	X	X	X						
Zonas: praia de Compostela-A Concha (principalmente)												
Especies: distintas especies de ameixa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: De Lombos do Ulla a praia de Compostela-A Concha, e dentro das zonas do plan no caso de altas densidades ou para unha maior protección do recurso.												
Especies: ameixa xaponesa, ameixa fina e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X				X	X	X
Zonas: Lombos do Ulla, praia de Compostela-A Concha												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X			
Zonas: ámbito do plan												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Zona de traballo: Praia de Compostela-A Concha e Lombos do Ulla. A zona de Lombos do Ulla corresponderíase coa aprobada para o plan do ano 2004 trala conformidade do resto das confrarías da ría. No plan presentado para o ano 2010 a liña da costa que bordea os esteiros entre punta Remuíño e punta Rebaleira, así como Pedra do Pico supoñen unha ampliación con respecto ao autorizado e como se trata de zona de libre marisqueo, deben presentar a conformidade ou renuncia das demais entidades da ría tal e como se fixo cando se ampliaron zonas deste plan de explotación no ano 2004.

Participantes: No plan de explotación para o ano 2010 figuran 62 mariscadoras co permiso de marisqueo a pé renovado, sen embargo segundo datos da Consellería habería 66 persoas co permiso de explotación para o ano 2010 asociadas á confraría de Carril. Así, fanse as seguintes puntualizacións: A entidade deberá indicar os motivos da non inclusión destas mariscadoras no plan de explotación.

No plan de explotación indícase que “hai 5 as mariscadoras que rexeitaron pertencer á agrupación de marisqueo a pé (non queren pertencer), co que somentes traballan nas épocas e nas zonas do libre marisqueo”

O Decreto 261/2002, do 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións, no seu artigo 69º.2 determina que constituída unha agrupación **integraranse nela a totalidade dos membros da confraría dese sector de produción**. Así pois, non é posible que mariscadoras a pé socias da confraría de Carril rexeiten pertencer á agrupación. Por outra parte, tendo en conta ademais que o modelo de xestión dos recursos marisqueiros seguido pola Administración pesqueira galega, é un modelo de coxestión baseado na aprobación de plans de explotación en bancos naturais, os permisos de explotación foron concedidos no marco de ditos plans de conformidade co estudos biolóxicos dos recursos mariños, a situación social e a consulta co sector. Polo tanto, terán que integrarse neste plan de explotación todas as persoas titulares dun permiso de marisqueo a pé en vigor asociadas á confraría de Carril o que conleva que desenvolverán a súa actividade de conformidade coas condicións aprobadas neste plan. Isto non impide que as titulares dun permiso de marisqueo a pé podan realizar a actividade extractiva nas zonas de libre marisqueo non sometidas a plan



específico respectando os períodos e cotas máximas de captura autorizadas.

A revalidación do permiso requirirá a acreditación de ter realizada actividade extractiva suficiente, entendendo como tal aquela que se realiza de modo efectivo durante un mínimo dun 70% dos días autorizados dentro do marco previsto no plan de explotación para a súa confraría (art. 7º.2 da *Orde do 31 de maio de 1995, pola que se regula a expedición e revalidación do permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira*). Sen non existe plan, que non é o caso, deberá xustificar o 70% dos días autorizados para o libre marisqueo na súa zona.

Para a revalidación dos permisos de explotación para marisqueo a pé computarán os días de realización das labores de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos, de acordo co establecido no *Decreto 237/2002, do 11 de xullo, polo que se modifica o Decreto 423/1993, do 17 de decembro*. Os certificados nos que se acrediten a realización das labores anteriores por parte das mariscadoras, a efectos da revalidación do permiso de explotación, deberá detallar os días traballados nestas labores.

Proposta de ampliación de participantes:

Tal e como se indicou xa anteriormente a xestión dos recursos marisqueiros está baseado na aprobación de plans de explotación en bancos naturais, polo que a valoración para a ampliación de novos permisos faise neste marco co obxecto de que as persoas se incorporen ao plan (e ás organizacións que xestionan os bancos marisqueiros) no que existe a necesidade de incorporar profesionais para desenvolver non só a actividade extractiva senón tamén para desenvolver as tarefas de semicultivo necesarias para unha mellora da produción e manter os bancos marisqueiros en condicións óptimas de explotación.

Para o ano 2010, a entidade solicita, no plan de explotación presentado, un incremento de 30 novos permisos de explotación, mentres que a proposta presentada pola agrupación é de 10 permisos.

Á vista dos resultados obtidos nas mostraxes e das rendas medias das mariscadoras, acéptase a incorporación de 9 novos permisos de marisqueo a pé. A evolución do plan durante o ano 2010 e sucesivos permitirá valorar posibles ampliacións de xeito progresivo para os vindeiros anos.

Sen embargo, unicamente se pode considerar favorable o incremento do número de permisos no marco deste plan, de xeito que a ampliación de persoas redunde en beneficio do colectivo e contribúa a mellorar a produción dos bancos marisqueiros.

Tendo en conta que existen antecedentes nesta confraría de que titulares de permisos de explotación para marisqueo a pé en vigor non se integran nos plans de explotación e desenvolven a súa actividade unicamente en zonas de libre marisqueo, práctica que non contribúe a mellorar o sector xa que non achega o capital humano e económico que se precisa no plan de explotación (e nas organizacións) para o seu desenvolvemento, considérase conveniente establecer como condición que:

- As persoas que resulten seleccionadas para acceder aos novos permisos deberán facer constar un compromiso expreso de que desenvolverán a súa actividade no marco do plan de explotación co fin de manter os programas de traballo da actividade marisqueira. Esta condición figurará na resolución da xefatura territorial do departamento territorial que determine o inicio do proceso selectivo e constará entre a documentación a presentar polas persoas que finalmente figuren na relación definitiva de admitidos. No caso de non ser



presentada decaerán no seu dereito.

Cotas máximas de captura: cómpre lembrar que se a directiva estima conveniente reducir os topes con respecto aos aprobados no plan deberá solicitálo ao departamento territorial, que ten as competencias para autorizalo. Por outra banda, o incremento dos topes de captura aprobados requiren de autorización da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños.

Artes a empregar: a gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación de plans experimentais.

Remisión dos datos de captura: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente á Delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Normas do plan:

A comercialización de marisco polo xunto (“monte común”) que se realiza na praia de Compostela-A Concha e zonas sementadas, aprobado por acordo maioritario da asemblea de mariscadoras e que se basea na organización dos traballos de semicultivo, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos, deberá ser compatible co respecto dos topes de captura/mariscador e día establecidos, cuxo seguimento será realizado a cada mariscadora no punto de control.

No caso de traslados nos que se leve a cabo a comercialización dos exemplares de tamaño legal, deberanse respectar os topes de captura aprobados no plan, mentres que os exemplares de tamaño non regulamentario serán sementados.

Recomendacións para a mellora do plan.

- Incluir a todas as mariscadoras con permiso de explotación en vigor no plan de explotación
- Detallar o plan financeiro